

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 8 de abril de 2016 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos Camiños de Santiago.

O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, derroga o Decreto 44/2011, do 10 de marzo, polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos Camiños de Santiago.

A pesar da dita derogación, na disposición transitoria única do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, indicase que os expedientes iniciados ao abeiro do Decreto 44/2011, do 10 de marzo, seguirán tramitándose conforme este decreto, polo que se poderán realizar convocatorias de subvencións para os citados expedientes.

As actuacións subvencionadas no Decreto 44/2011, do 10 de marzo, teñen por finalidade fomentar a recuperación do patrimonio arquitectónico e tradicional, para favorecer a súa utilización como vivenda habitual e permanente.

Debido ás restricións orzamentarias dos últimos anos, non se puido realizar convocatoria nos exercicios 2011, 2012 e 2014, e malia se ter realizado unha convocatoria no ano 2015 e do importante crédito asignado á convocatoria do presente exercicio, a dotación orzamentaria prevista non é suficiente para atender todas as posibles solicitudes con cualificación definitiva xa concedida, polo que se considera necesario establecer un punto de corte, que virá determinado pola data da cualificación definitiva para poder solicitar as axudas. A dotación económica da convocatoria asignarase ás actuacións de maior antigüidade na data de cualificación definitiva.

Debe terse en conta tamén que a disposición transitoria cuarta do citado Decreto 44/2011, do 10 de marzo, prevé a posibilidade de presentarse ás convocatorias de subvencións a aquelas persoas solicitantes cuxos expedientes dispuxesen da cédula de rehabilitación concedida de acordo co derogado Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia.



Esta convocatoria axústase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De acordo co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 25.3 do Decreto 44/2011, do 10 de marzo, e nos artigos 4 e 5 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a competencia correspóndelle á persoa titular da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo e, en consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras destas subvencións están recollidas no Decreto 44/2011, do 10 de marzo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 58, do 23 de marzo), polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos Camiños de Santiago.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto convocar para a anualidade de 2016, a través dun procedemento de concorrencia non competitiva, subvencións a fondo perdido para as persoas promotoras de actuacións de remate de fachadas e cubertas, así como de rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos Camiños de Santiago.

Terceiro. *Orzamento*

1. Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2016 figura o crédito a través do cal serán atendidas as solicitudes de axudas previstas nesta convocatoria e que se poderán outorgar no ano 2016.

As axudas, no ámbito rural, faranse efectivas na aplicación orzamentaria 08.80.451A.780.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 3.500.000 euros.

As axudas, no ámbito histórico e dos Camiños de Santiago, faranse efectivas na aplicación orzamentaria 08.80.451A.780.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 500.000 euros.



2. A contía establecida poderá ser obxecto de ampliación por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), tendo efecto logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

Cuarto. *Actuacións subvencionables*

Serán subvencionables as actuacións previstas no Decreto 44/2011, do 10 de marzo, para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos Camiños de Santiago que contén coa resolución de cualificación definitiva de data anterior ao 18 de maio de 2014 para o ámbito rural e 1 de xaneiro de 2013 para o ámbito histórico e Camiños de Santiago.

Quinto. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas promotoras das actuacións que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e, ademais, contén coa resolución de cualificación definitiva de data anterior á mencionada no punto cuarto desta resolución.

Así mesmo, poderán ser persoas beneficiarias aquelas que, estando en posesión da cédula de rehabilitación de calidade, non a solicitasen nos catro anos inmediatamente anteriores á data de presentación da súa solicitude de subvención ou que, téndoa presentado nese período, rematase o seu procedemento sen obter subvención por esgotamento do crédito establecido na convocatoria.

2. Será requisito para poder ser persoa beneficiaria da subvención estar dedicando a vivenda a domicilio habitual e permanente, o cal se acreditará mediante certificado de empareamento, no caso de uso propio, e co contrato de arrendamento, no caso de alugamento. Ademais, no caso de destinarse a uso propio, esta dedicación deberá ser, cando menos, desde a data da notificación da cualificación definitiva ou, no caso de destinarse a alugamento, desde a sinatura do contrato de arrendamento, por un período mínimo de cinco anos e que deberá estar comprendida entre o día seguinte ao da notificación da cualificación definitiva e ao da publicación da convocatoria de subvención. No suposto de vivendas con cédula de rehabilitación de calidade ou actuacións promovidas por comunidades de propietarios/as, o cumprimento deste requisito de residencia habitual e permanente polos/as propietarios/as ou polos/as inquilinos/as, no caso de alugamento, deberá ser desde a data da solicitude da subvención.



No caso de poboación galega residente no exterior da Comunidade Autónoma e que non destine as vivendas ao alugamento, a obriga de residencia habitual e permanente limitarase á residencia na vivenda rehabilitada ou reconstruída durante o período de, polo menos, 15 días ao ano.

3. No suposto de actuacións promovidas por comunidades de propietarios/as, poderán ser beneficiarias as persoas físicas titulares das vivendas ou dun dereito real que permita acometer as ditas actuacións, en función da súa porcentaxe de participación no orzamento protexible das obras.

4. Para o caso de actuacións con destino ao alugamento, os ingresos ponderados das unidades familiares que residan nas vivendas terán que ser inferiores a 4,5 veces o IPREM.

No ámbito rural os expedientes iniciados ao abeiro do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, que continuaron a súa tramitación en aplicación das disposicións transitorias 2ª ou 4ª do Decreto 44/2011, do 10 de marzo, equiparándose a resolución de conformidade coa de cualificación provisional, ou que xa contén con cédula de rehabilitación, os ingresos da unidade familiar da persoa beneficiaria deberán ser inferiores a 3,5 veces o IPREM. Para actuacións no ámbito histórico ou dos Camiños de Santiago os ingresos da unidade familiar da persoa beneficiaria deberán ser inferiores a 6,5 veces o IPREM, agás as vivendas que contén coa cédula de rehabilitación de calidade que non están suxeitas ao devandito límite.

Sexto. *Importes máximos das subvencións*

1. As actuacións subvencionáanse nunha contía equivalente ao 50 por 100 do orzamento que figure na resolución de cualificación definitiva, sen que esta subvención poida superar a cantidade de 6.600 euros, no caso das modalidades de remate de fachada e rehabilitación, e a cantidade de 8.600 euros, na modalidade de reconstrución de edificios e vivendas. En todo caso, o importe da subvención non poderá superar a contía do gasto subvencionable, de acordo co establecido no artigo 3.g) do Decreto 44/2011, do 10 de marzo.

2. No suposto de actuacións promovidas por comunidades de propietarios/as, a subvención máxima prevista calcularase para cada vivenda en función da súa porcentaxe de participación no orzamento protexible das obras. Para o caso de que, simultaneamente coas obras de elementos comúns, se realicen actuacións protexibles nas vivendas do edificio, a subvención total que lle correspondería a cada vivenda non poderá exceder as contías establecidas no punto anterior.



Sétimo. *Consentimentos e autorizacións*

1. As solicitudes deberán achegar os documentos e os datos exixidos nesta resolución, salvo que xa estean en poder da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou do seu sector público; neste caso, as persoas solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade de obter algún documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa solicitante a súa achega.

2. A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor, para obter as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o devandito consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións exixidas para a obtención da subvención.

Oitavo. *Presentación de solicitudes*

1. A solicitude de concesión realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta resolución, debidamente cuberto, á cal se xuntará a documentación que nel se indica. Deberase dirixir á Área Provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.

2. A solicitude presentarase preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).



3. Tamén se poderá presentar a solicitude en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, utilizando para isto o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. A documentación complementaria poderase presentar por vía electrónica, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal, baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel, en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que estean debidamente compulsadas.

6. No modelo de solicitude poderán asinarse as seguintes autorizacións a favor do IGVS:

a) Para acreditar a identidade da persoa solicitante, poderase asinar a autorización para a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve. Para o suposto de non ter autorizado a súa consulta, deberase xuntar a copia do seu DNI ou NIE.

b) No caso de actuar por medio de representante, para acreditar a súa identidade, poderase asinar a autorización para a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 7 de xullo de 2009, que a desenvolve. Para o suposto de non ter autorizado a súa consulta, deberase xuntar a copia do seu DNI ou NIE.

c) Para consultar os datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformi-



dade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Para o suposto de non ter autorizado a súa consulta, deberase xuntar o certificado de empadramento.

d) Para consultar os datos de discapacidade, no caso de ser expedida pola Xunta de Galicia. No caso de non ter autorizado a súa consulta, ou tratarse dun recoñecemento de discapacidade non expedido pola Xunta de Galicia deberá presentar copia do certificado de discapacidade.

e) A copia do IRPF correspondente ao exercicio vencido, só terá que presentala a persoa solicitante no caso de que se denegue expresamente a súa consulta, de acordo co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No modelo de solicitude realizaranse, ademais, as seguintes declaracións:

a) Declaración de non ter solicitado ou obtido ningunha outra axuda para o mesmo proxecto. No caso de ter solicitado ou concedida algunha outra axuda, deberá indicar cales.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.

c) Declaración de que todos os datos da solicitude son correctos.

d) Declaración de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas.

e) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

f) Declaración responsable sobre a veracidade dos datos consignados na solicitude relativos á conta bancaria en que desexe que se realice o pagamento.

Noveno. *Documentación complementaria*

Xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante e, de ser o caso, do seu representante, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.

b) Certificados acreditativos de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, de facenda e coa Seguridade Social, e declaración do IRPF ou nivel de renda corres-



pendente ao exercicio vencido na data de presentación da solicitude, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, para o suposto de ter denegado expresamente a súa consulta.

c) Anexo II, de xustificación do pagamento, ao cal se xuntará a seguinte documentación:

1º. Relación clasificada de gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento acreditativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e, se for o caso, as datas de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación a que se fai referencia no punto anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se for o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos, incorporados na relación a que se fai referencia na alínea a).

4º. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da procedencia.

5º. No suposto de actuacións promovidas polas comunidades de propietarios/as, as facturas e documentos bancarios poderán vir a nome da comunidade e indicarse a porcentaxe de participación de cada vivenda no orzamento protexible das obras.

d) No suposto de poboación galega residente no exterior da Comunidade Autónoma, haberá que acreditar o cumprimento do requisito mínimo de residencia na vivenda de, polo menos, 15 días ao ano, establecido no artigo 6.4º do Decreto 44/2011, do 10 de marzo. Para o cumprimento deste requisito, achegarse unha declaración responsable, xunto coa documentación xustificativa, tal como copia das facturas dos consumos de auga, luz ou calquera outra documentación a nome da persoa solicitante, que poida acreditar esta circunstancia.

e) Acreditación do uso da vivenda, de acordo co artigo 6 do Decreto 44/2011, do 10 de marzo, nos seguintes termos:

Para o caso de uso propio, mediante presentación do certificado de empadramento, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.



Para o caso de alugamento, mediante presentación dun contrato de arrendamento, o cal deberá ter un período mínimo de vixencia de cinco anos.

f) Para o caso de solicitudes de subvención correspondentes a vivendas con expedientes iniciados co Decreto 157/2006, do 7 de setembro, que continuasen a súa tramitación en aplicación das disposicións transitorias segunda ou cuarta do Decreto 44/2011, do 10 de marzo, equiparándose a resolución de conformidade coa de cualificación provisional, ou que xa contén con cédula de rehabilitación, deberase acreditar o cumprimento dos límites de ingresos familiares establecidos no punto 5.4 desta resolución, presentando a seguinte documentación:

1º. Anexo III de declaración responsable da composición da unidade familiar e autorización dos membros da unidade familiar ao IGVS para solicitar por vía telemática as acreditacións relativas a ingresos, de identidade e de discapacidade. Para o suposto de non ter autorizado a devandita consulta, deberase presentar a copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (en diante, IRPF) correspondente ao exercicio vencido, inmediatamente anterior á data de solicitude, e o certificado das rendas expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, relativo ao conxunto dos membros da unidade familiar. Igualmente, no caso de non ter autorizado a consulta, presentarase copia do DNI ou NIE e do certificado de discapacidade, de ser o caso.

2º. No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, deberase presentar o modelo de devolución e copia da notificación-liquidación emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria. No suposto de que non se achegase o citado modelo, deberase xuntar unha declaración responsable de todos os ingresos obtidos, á cal deberá acompañar, de ser o caso, o certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio, certificado de pensións, prestacións periódicas, certificado do Inem e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

3º. No suposto de poboación galega residente no exterior da Comunidade Autónoma, deberanse xustificar os ingresos familiares mediante a achega dunha copia da declaración do IRPF presentada en España para o caso de non autorizar a consulta. No suposto de non ter presentado declaración do IRPF en España, presentarase copia da declaración similar presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada pola agregadoría laboral correspondente ou pola delegación consular de España no seu país de residencia.



g) Para o caso de solicitudes de subvención correspondentes a actuacións con destino a alugamento, deberase acreditar a identidade, discapacidade, e o cumprimento do límite de ingresos familiares, establecidos no punto 5.4, nos termos sinalados na alínea anterior, segundo o modelo do anexo IV.

Décimo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Décimo primeiro. *Procedemento de concesión*

1. O procedemento iniciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a presente resolución de convocatoria.

2. A instrución do procedemento correspóndelle á persoa titular da Xefatura de Área do IGVS competente, quen elevará a proposta de concesión, no caso de cumprir os requisitos, ou de denegación motivada, no caso contrario.

3. A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, á vista das propostas de concesión ou de denegación e tendo en conta os recursos económicos dispoñibles, resolverá o que en dereito proceda.

Décimo segundo. *Requirimentos de emenda*

De conformidade co establecido nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os requirimentos de emenda poderanse facer mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.

Décimo terceiro. *Resolución e recursos*

1. O prazo para resolver e notificar a concesión será de tres meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



2. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Décimo cuarto. *Causas de denegación*

1. Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgúns dos requisitos exigidos na normativa que rexe estas subvencións.

2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, o criterio que se utilizará para a súa tramitación será o da maior antigüidade da data de resolución da cualificación definitiva ou, se é o caso, da cédula de rehabilitación de calidade. No caso de igualdade da data de resolución da cualificación definitiva, atenderase á orde cronolóxica de entrada da solicitude completa no rexistro da correspondente Área Provincial do IGVS. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude, aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e acompañada da totalidade dos documentos exigidos nesta resolución.

Décimo quinto. *Xustificación do gasto subvencionable*

1. A obtención da cualificación definitiva equivale á documentación que regula o artigo 48.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a conta xustificativa.

2. A memoria económica do custo das actividades deberá xustificarse a través da documentación referida no punto noveno, c) desta resolución, de conformidade co establecido no artigo 48. 2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. De acordo co establecido nos artigos 3.g) e 31 do Decreto 44/2011, do 10 de marzo, o gasto subvencionable deberá estar efectivamente pagado e xustificado, mediante extractos ou certificacións bancarias.

Décimo sexto. *Pagamento da subvención*

O pagamento das subvencións ás persoas beneficiarias realizarase, unha vez concedida a subvención, mediante transferencia bancaria na conta que sinalen para o efecto.



Décimo sétimo. *Compatibilidade*

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 44/2011, do 10 de marzo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, o réxime de compatibilidades é o seguinte:

a) As subvencións previstas nesta convocatoria son compatibles coas axudas establecidas en materia de rehabilitación, tanto na normativa estatal como na autonómica, excepto no suposto previsto na alínea c) deste punto.

b) O importe das subvencións non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

c) Non se poderán conceder axudas para aquelas vivendas que, ao abeiro de calquera norma autonómica reguladora de axudas para actuacións de rehabilitación, reconstrución ou renovación, ou ao abeiro da normativa estatal dos plans de vivenda, as solicitasen nos catro anos inmediatamente anteriores ao da presentación da solicitude de subvención, coa excepción daqueles casos en que as solicitudes rematasen o seu procedemento sen obter subvención, por esgotamento do crédito establecido na convocatoria.

Décimo oitavo. *Publicidade das subvencións concedidas*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e a publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e ás subvencións recibidas no devandito rexistro e das posibles sancións que se lle poidan impoñer.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o IGVS publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación.

Décimo noveno. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación estean autorizados polas persoas solicitantes, serán incluídos



